



## INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NO DEBATE SOBRE O ESTADO DA AUTONOMÍA

**Santiago, 7 de outubro de 2008.-**

Señora presidenta,  
Señoras e señores deputados,

En xuño de 2005, a maioría dos galegos decidiu dar un paso adiante e abriu as portas do cambio político na nosa terra. Encomendáronme daquela presidir un Goberno de progreso, introducir en Galicia unha nova maneira de gobernar e desenvolver, durante catro anos, un proxecto de avance e modernización do noso país.

Asumín o compromiso con ilusión e dedicación plena, sen regatear sacrificios. Empeñei a miña palabra en converterme no presidente de todas as galegas e de todos os galegos, calquera que fose o seu voto ou as súas circunstancias persoais.

Administrei a confianza que depositaron en min co único propósito de servir a Galicia, de antepoñer os intereses de país a calquera consideración de tipo partidario. Galicia, e só Galicia, como norte da acción do meu Goberno.

Superadas as tres cuartas partes da lexislatura, comparezo nesta cámara para dar conta da transformación experimentada polo país neste último trienio.

Un cambio tranquilo, meditado e responsable. Pero tamén un cambio intenso e profundo, que rexenerou as institucións e as prácticas políticas, vitalizou a sociedade, removeu obstáculos que freaban o avance e puxo os alicerces dunha Galicia plenamente incorporada ao século XXI.

Foron, señorías, tres anos valiosos. Galicia agrandou a súa dotación de capital humano, de capital físico e de capital tecnolóxico. Temos, en definitiva, unha Galicia máis forte, con máis musculatura, con máis peso. Unha Galicia mellor que a de hai tres anos.

### **Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis próspera.**

A renda media dos galegos e das galegas alcanzou este ano, por primeira vez, os 20.000 euros por habitante.

Medrou en tres anos máis do 11 por cento en termos reais. Nese mesmo período, a masa salarial da comunidade autónoma creceu notablemente por riba da media estatal.

No último trienio, o noso poder adquisitivo achegouse 7,3 puntos á renda media da Unión Europea e 4,1 puntos á renda media española.

### **Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia con máis traballadores.**

No segundo trimestre deste ano, cando xa se deixaban sentir os efectos da desaceleración económica, alcanzamos a maior cifra de emprego da nosa historia, con máis de 1.200.000 ocupados.

En tres anos creáronse, unha media de 80 postos de traballo cada día. E dous de cada tres novos empregos foron ocupados por mulleres.



No último trienio, a taxa de paro rebaixouse en 2,8 puntos, ata situala no 8,3 por cento da poboación activa, malia o repunte do primeiro semestre deste ano. Cando chegamos ao Goberno, a taxa estaba dous puntos por riba da media española. Agora, dous puntos por debaixo.

### **Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis competitiva.**

O valor das exportacións galegas medrou nun billón das antigas pesetas no último trienio. Un incremento superior ao 50 por cento.

Contamos cunha economía máis aberta, máis internacionalizada que a economía española, pero tamén máis competitiva a xulgar pola evolución dos nosos produtos nos mercados estranxeiros.

### **Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia con máis capital físico.**

En tres anos, o investimento, en termos de formación bruta de capital, creceu un 15,7 por cento, 4,3 puntos por riba do crecemento medio da economía galega. O seu peso no PIB alcanzou no trienio o 34,3 por cento, 1,3 puntos máis que no trienio precedente, o que reflicte o acelerado proceso de capitalización do país.

### **Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis accesible e máis vertebrada.**

Temos un país en vésperas de abandonar definitivamente a periferia, unido a España, a Portugal e ao resto do mundo por cinco autovías, tren de alta velocidade, tres aeroportos e un reforzado sistema de portos.

Pero estamos construíndo tamén unha malla interna de comunicacións que está a mudar a fisionomía de Galicia e articulando o seu territorio.

A nova cartografía recollerá un sistema de cidades unidas entre si por autovía e AVE, todas as cabeceiras municipais situadas a menos de 30 minutos dunha vía de altas prestacións e un espazo perfectamente vertebrado.

Do ritmo de realización dese novo mapa dá fe un só dato: en 16 anos de goberno do PP puxéronse en servizo 27 quilómetros de autovía.

Durante o meu mandato, e antes de que acabe este ano, abrimos 80 quilómetros de autovías libres de peaxe. E no ano 2012 a rede autonómica de autovías sen peaxe terase multiplicado por 10: dos 27 quilómetros herdados pasaremos a 281.

### **Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia que aposta pola innovación.**

Propuxémonos, no horizonte do ano 2010, duplicar o número de investigadores e situar o gasto en I+D no 1,5 do PIB.

Deseñamos e puxemos en marcha, para lograr ese obxectivo, dous potentes instrumentos: o Plan Galego de I+D+i e o Plan Estratéxico da Sociedade da Información.

Os primeiros resultados desa política, aínda parciais, son ben significativos.

Nos dous últimos anos, o emprego no sector das tecnoloxías da información e da comunicación medrou un 35 por cento e o número de empresas alcanzou a cifra de 1.500. Os



servizos da Sociedade da Información xa acaparan o 11,5 por cento do volume de negocios do sector terciario, cunha achega á economía galega superior aos 1.500 millóns de euros.

Paralelamente, en tres anos, multiplicamos por 2,4 o financiamento da investigación universitaria.

### **Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis preparada.**

Conscientes de que investir en educación supón comprar futuro, en tres anos gastamos 170 millóns de euros máis que o Goberno do PP en toda a lexislatura anterior.

O gasto por alumno medrou un 35 por cento, ata situalo en 6.200 euros por ano. Aumentamos en 1.137 o número de profesores. E convertemos a volta ao cole na menos gravosa de toda España para as familias.

Pero as cifras non dan senón unha pálida idea do salto cualitativo en materia de educación. Do cambio que se traduce nunha mellora da igualdade de oportunidades, na incorporación ás aulas da sociedade da información e na implantación do multilingüismo.

### **Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis habitable.**

En tres anos, impedimos a privatización da nosa costa coa lei dos 500 metros, desbotamos os encoros que ameazaban os nosos ríos, iniciamos a rexeneración das rías, devolvemos illas emblemáticas ao uso colectivo, implantamos un urbanismo responsable e deseñamos, a través das directrices de ordenación do territorio, as coordenadas da Galicia do futuro.

### **Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis solidaria.**

***Un país máis solidario é aquel que se constrúe desde a infancia,*** garantindo a formación desde os primeiros anos de vida. En tres anos incrementamos nun 65 por cento as prazas públicas en escolas infantís. Acadamos unha cobertura do 17,5 por cento. O ano que vén alcanzaremos o 22 por cento e no 2010 chegaremos ao 33 por cento de cobertura, a ratio recomendada pola Unión Europea.

No ano 2005 só 85 municipios dispoñían deste servizo. Hoxe téñeno 166 concellos.

***Un país máis solidario é aquel que favorece a emancipación de mozos e mozas,*** que lles abre oportunidades para desenvolver o seu proxecto de vida, que lles facilita o acceso a unha vivenda digna e a prezo taxado.

En tres anos iniciamos a construción de 11.539 vivendas protexidas, sumando a promoción pública e privada, e acometemos a rehabilitación de case 22.000 inmobles.

Este ano puxemos en mans privadas 540.000 metros cadrados de solo para construírmos 4.000 vivendas protexidas nas principais cidades de Galicia.

***Un país máis solidario é aquel que respecta e protexe aos seus maiores e ás familias máis vulnerables.*** En tres anos asentamos os piares do sistema galego do benestar, aprobamos un complemento de pensións non contributivas para máis de 50.000 familias, creamos 54 centros de día e iniciamos o desenvolvemento da Lei de dependencia, da que xa se benefician 10.800 persoas.

***Un país máis solidario é aquel que reforza o dereito universal á saúde.*** En tres anos, eliminamos a débeda de 400 millóns de euros que afofaba o sistema, establecemos novas



prestacións pioneiras en España, recortamos nun 40 por cento o tempo de espera cirúrxica e aumentamos o cadro de persoal con 2.748 novos profesionais, unha cifra superior a toda a ampliación realizada nos oito anos anteriores.

### **Temos unha Galicia mellor que a de hai tres anos.**

E temos, en consecuencia, un país máis forte, máis resistente, con máis confianza e con máis capacidade de resposta ás arremetidas da crise que atravesa a economía mundial.

Pero hanme de permitir que, antes de internarme na análise das turbulencias económicas, da súa repercusión en Galicia e da forma en que este Goberno lles planta cara, debulle os aspectos máis relevantes do traballo realizado desde que asumín a Presidencia da Xunta de Galicia, que avalan este diagnóstico.

### **UNHA NOVA MANEIRA DE GOBERNAR**

Señoras e señores deputados,

Propúxenme desde o momento mesmo da miña toma de posesión establecer un novo tipo de relación entre Goberno e sociedade.

Unha nova maneira de entender a acción de Goberno.

Unha nova forma de gobernar que está na base desa Galicia mellor e máis preparada para afrontar os desafíos.

Un novo estilo que se asenta en tres principios básicos: a transparencia, o diálogo social e a cooperación institucional.

O primeiro destes principios é o que inspirou iniciativas inéditas na nosa comunidade, como as leis de transparencia e de subvencións, o rexistro de actividades e bens patrimoniais dos altos cargos e a posta en marcha do rexistro público de subvencións e convenios.

E podo adiantarlles que completaremos este exercicio de transparencia e de proximidade coa aprobación, no vindeiro Consello da Xunta, do proxecto de Lei de publicidade institucional. E dispoñemos tamén antes de que remate o ano do proxecto de reforma da CRTVG.

Esta lexislatura está a establecer un fito no impulso dunha nova cultura parlamentaria en Galicia. Un dato: quen lles fala compareceu 11 veces diante desta cámara. O anterior presidente, tres veces en 16 anos.

Despregamos unha intensa actividade lexislativa. Promovemos 49 leis, boa parte delas destinadas a reordenar e reorientar actividades e sectores básicos.

Diálogo no Parlamento e tamén coa sociedade. O primeiro que fixen, en canto fun elixido presidente da Xunta, foi chamar aos sindicatos e ás organizacións empresariais para iniciar unha nova etapa na relación de colaboración entre Goberno e axentes sociais.

A iniciativa de diálogo social foi neste tempo un instrumento de extraordinario valor para crear un clima de confianza. Para atraer investimentos. Para mellorar as condicións laborais dos traballadores. Para combater o desemprego. Para incrementar a produtividade e a competitividade da economía galega.



Entre os moitos froitos derivados do diálogo social debo salientar o Acordo Social e polo Emprego, e o recentemente asinado Acordo pola competitividade. Ningún destes acordos foi tarefa doada e por iso o seu valor é aínda maior.

Como do máximo valor son as leis xa aprobadas produto do pacto social, como a Lei de creación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral; a Lei reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais e a Lei de participación institucional das organizacións empresariais e sindicais máis representativas de Galicia.

Son pactos que están a incidir no incremento da produtividade da economía galega, no aumento do traballo estable e na loita contra os índices, aínda demasiado altos, de sinistralidade laboral.

Transparencia e diálogo social. E tamén unha nova maneira de entender a cooperación institucional.

Seis meses despois da nosa chegada ao Goberno, asinábamos coa Fegamp o inédito Pacto Local e inaugurábase unha canle de diálogo permanente coas administracións municipais galegas.

O Pacto Local supuxo, en tres anos, un incremento dun 42 por cento na participación dos concellos nos ingresos da comunidade autónoma, a través do Fondo de Cooperación Local. A achega feita desde a Xunta ao Fondo de Cooperación Local ascendeu en 2008 a 120 millóns de euros, un aumento dun 60 por cento neste trienio.

Cooperación cos concellos e cooperación e diálogo co Goberno de España e co seu presidente.

### **Diálogo esixente e leal para aumentar as cotas de autogoberno.**

Nesta lexislatura acordamos coa Administración Central transferencias en ámbitos cruciais como a sanidade, o benestar social ou o medio ambiente.

Hoxe, xestionamos o Hospital Naval de Ferrol e liberámonos da débeda que esmagaba a nosa sanidade pública grazas ao financiamento adicional pechado co Estado.

Hoxe, contamos con 60 millóns de euros adicionais para saldar o déficit histórico acumulado no país en materia de servizos sociais.

Hoxe, a xoia da coroa dos nosos parques naturais, o Parque Nacional das Illas Atlánticas, é xestionada desde e para Galicia.

Porén, pola actitude pechada e inmovilista da dereita, Galicia non puido avanzar no seu autogoberno a través da reforma do seu Estatuto de autonomía.

Quen lles fala, en nome da maioría que sustenta a acción do Goberno, só puxo daquela unha condición: lograr un Estatuto de primeira, un Estatuto nin un milímetro por debaixo doutras comunidades. Un Estatuto de todos e para todos.

Un Estatuto que, respectando os límites constitucionais, outorgase ao pobo galego o máximo nivel competencial, o máximo recoñecemento identitario e os instrumentos necesarios para garantir novos dereitos e maiores niveis de progreso e benestar social.



Confío en que o pobo galego, a través do seu mandato nas urnas, relanzará na vindeira lexislatura ese proxecto, que constitúe unha aspiración irrenunciábel deste presidente.

### **Diálogo esixente e leal co Goberno de España para garantir o investimento do Estado en Galicia.**

Por esa vía, o Goberno que presido conseguiu nos últimos catro exercicios que fluíse cara ao noso país un caudal de recursos do Estado como nunca na nosa historia.

Desde que asumín a Presidencia da Xunta, durante catro exercicios orzamentarios consecutivos, o Estado destinou a Galicia o 8 por cento do seu investimento. Trátase dun esforzo de reequilibrio e cohesión inédito, que se traducirá o ano que vén en máis de 2.000 millóns de euros para realizar os grandes proxectos estratéxicos que o país necesita e demanda.

Son, convén lembralo para as memorias fráxiles, mil millóns de euros máis, o dobre que os consignados no último orzamento do PP, cando gobernaba con maioría absoluta aquí e alá.

Nos tempos do “Goberno amigo”, o investimento por habitante situábase 25 puntos por debaixo da media nacional. Hoxe, estamos 33 puntos por riba desa media.

### **Diálogo esixente e leal co Goberno de España para lograr un sistema de financiamento autonómico xusto, suficiente e solidario.**

A ninguén se lle escapa que estamos a afrontar un dos asuntos capitais para Galicia: a revisión do modelo de financiamento autonómico. Estámolo a facer desde a transparencia e o diálogo cos grupos da cámara. Invítolles a que busquemos xuntos unha posición consensuada e de país, que reforce a nosa actitude negociadora.

A postura de Galicia é clara e coñecida. Así lla transmitimos ás forzas parlamentarias desta cámara e ao Goberno do Estado. O novo sistema debe garantir e compatibilizar a autonomía financeira e a suficiencia de recursos para a prestación de servizos. A corresponsabilidade e a solidariedade.

O novo modelo debe ter en conta os factores diferenciais que encarecen a prestación de servizos en Galicia, como a dispersión da poboación e o avellentamento demográfico. E debe, en definitiva, garantir máis recursos para o desenvolvemento das nosas competencias.

Neste sentido, considero un avance que o Ministerio de Economía se pronunciase a prol de incrementar a ponderación dos baremos que reflicten a nosa singularidade. E tamén que o novo sistema inclúa a totalidade dos servizos públicos que as comunidades autónomas prestan aos cidadáns.

Señorías,

Se houbese unha balanza para medir o peso institucional dun país, eu non albergaría dúbidas de que certificaría o incremento do noso peso e presenza na esfera internacional.

Unha boa parte dese crecente peso débémollos aos nosos emigrantes. Esa é a razón pola que, desde que asumimos a responsabilidade de gobernar o país, nos marcamos o obxectivo de cambiar a política de favores pola de dereitos.

Porque os nosos emigrantes son cidadáns de pleno dereito, e por iso, me comprometín e impulsei o cambio normativo necesario para que poidan votar en urna.



**Partido dos Socialistas de Galicia**  
**Comisión Executiva Nacional Galega**  
**Oficina de Prensa**  
Rúa do Pino, 1-9 baixos  
15704 Santiago de Compostela  
Tfno. 981552030 Fax: 981588708

Puxemos ademais en marcha un programa de axudas asistenciais para socorrer a aquelas persoas en situación de precariedade económica, multiplicando tanto a contía como o número de beneficiarios. De feito máis que duplicamos tanto o orzamento como o número de persoas beneficiadas polo programa, que hoxe superan as 5.000.

Nunha iniciativa inédita ata entón, logramos que o Goberno arxentino adscribise unha obra social ao Hospital do Centro Gallego de Buenos Aires, o que nos permitiu garantir a viabilidade económica e, polo tanto, as prestacións sanitarias para os miles de socios do Centro.

Doutro xeito, o Hospital estaba condenado a esmorecer. Como o estaba o Hospital Casa Galicia de Montevideo, co que asinamos un convenio para modernizar e renovar os seus equipamentos e garantir así a atención sanitaria que presta a máis de 21.000 galegos residentes en Montevideo.

E apostamos por afondar nas relacións dos descendentes dos nosos emigrantes con Galicia, para o que impulsamos bolsas de estudos na nosa terra, tanto universitarios como, e por vez primeira en España, de formación profesional de grao superior.

E abrimos en Buenos Aires a primeira delegación oficial da Xunta de Galicia no exterior. Hoxe, os galegos que residen na capital arxentina poden realizar os seus trámites coa mesma normalidade coa que un cidadán o fai na Coruña ou Vigo.

E podo anunciarlles que o mes que vén abriremos a nova delegación de Montevideo e no 2009 a nova sede de Bruxelas. Porque esa é a forma de defender os intereses do país e de representar a Galicia no exterior, lonxe de Florianópolis varias.

O cambio, señorías, é patente na nosa acción exterior. Intensificamos as relacións coas institucións europeas, onde por primeira vez asistimos aos Consellos de Ministros e se escoitou o idioma galego.

Estreitamos lazos cos países irmáns de Latinoamérica e Portugal.

As relacións co país veciño fortalecéronse coa constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial co Norte de Portugal. Vigo convértese así na auténtica capital da Eurorrexión.

Abrimos as portas, xunto coas demais comunidades fronteirizas, dos cumios entre España e Portugal. Foi alí, en Évora, Badaxoz e Braga, onde acadamos o compromiso de ambos Estados de concederlle ao AVE Vigo-Porto o mesmo nivel de prioridade e o mesmo período de realización que á liña Lisboa-Madrid.

Foi tamén nesos cumios onde se decidiu reforzar a cooperación científica e tecnolóxica e sentar as bases do futuro Laboratorio Internacional de Nanotecnoloxía de Braga, un centro de vangarda e de referencia mundial.

## **EDUCACIÓN, INNOVACIÓN E PROGRESO SOCIAL**

Señorías,



Comprometímeme a incrementar o presuposto educativo nun 20 por cento na actual lexislatura. En só tres anos incrementamos o orzamento un 25,5 por cento, 5,7 puntos máis que o Goberno do PP en catro anos.

O compromiso, a falta aínda dun presuposto, está máis que cumprido. Demostramos así a nosa convicción de que a educación é o mellor investimento de futuro, garante da igualdade de oportunidades e fonte de competitividade nun mundo cada vez máis aberto.

En materia educativa, estes tres anos foron útiles.

Estendemos o programa de gratuidade dos libros de texto a todo o ensino obrigatorio. Del beneficiáanse máis de 165.000 familias. Así se explica que a volta ao cole sexa a menos gravosa de toda España.

Ampliamos o servizo de comedores escolares. Tres de cada catro centros de infantil e primaria, máis de 60.000 alumnos en total, dispoñen hoxe dese servizo.

En colaboración cos concellos, decidimos abrir os centros fóra do horario escolar. Este programa permite optimizar o seu uso e permite a realización de actividades complementarias. Facilita ademais a conciliación da vida laboral e a vida familiar. Do seu éxito dan conta os datos: 700 centros de 175 concellos participan nel.

Adiantámonos á data límite establecida pola normativa para implantar a figura do acompañante escolar nas rutas de transporte escolar que o requiren. No curso 2004-2005 cubríanse 69 rutas. Co Goberno actual, a totalidade das que o precisan: 2.012.

Útiles, señorías, para incrementar e renovar a dotación tecnolóxica e informática dos nosos centros de ensino. Neste cometido, investimos en tres anos un 90 por cento máis que en toda a lexislatura anterior, ata alcanzar case 23 millóns de euros.

Aprobamos 23.300 axudas de 300 euros ás familias con menos recursos para a compra de ordenadores.

E nos centros educativos pasamos de ter un aula con ordenadores a ter ordenadores nas aulas. En tres cursos, duplicamos os equipamentos informáticos da rede de centros públicos. Tiñamos un parque de 32.000 ordenadores no curso 2005-06 e agora temos 68.000.

Cando chegamos ao Goberno, a ratio era de 12 alumnos por ordenador. Hoxe hai un ordenador por cada 5 alumnos.

Propoñémonos que neste curso o 100 por 100 dos institutos de Galicia estean cableados e con acceso a Internet en todas as dependencias.

O meu compromiso é que no 2010 todos os centros de primaria de Galicia teñan acceso a Internet.

Todas estas accións significan que hoxe os ordenadores, as pizarras electrónicas ou os videoproxectores xa non son artigos de luxo, como hai tres anos, senón instrumentos de uso cotián.

Significa tamén situar a Galicia no grupo de cabeza entre as autonomías cunha maior implantación das novas tecnoloxías da información e a comunicación nos centros escolares.

Útiles tamén na área de aprendizaxe de linguas estranxeiras.



O alumnado galego pode empezar a aprender a primeira lingua estranxeira aos tres anos, grazas ao programa de anticipación que puxemos en marcha. Este curso son máis de 800 centros de ensino os que ofrecen esta opción.

Ademais, incrementamos as posibilidades de estudar idiomas no verán, con 4.300 bolsas para estadias no estranxeiro nos tres últimos exercicios.

Fixemos un grande esforzo, e imos seguir facéndoo, coas seccións bilingües, das que se benefician na actualidade 10.000 alumnos.

Señorías, finalmente hai un dato que quero salientar: Galicia está no grupo de cabeza das autonomías con índices máis baixos de fracaso escolar. Concretamente, seis puntos por debaixo da media española. Un dato bo, pero co que aínda non estou satisfeito.

O obxectivo que perseguimos é seguir reducindo os índices de fracaso escolar e abandono temperán ata situármonos na media da Unión Europea.

Tamén nos marcamos o obxectivo de mellorar o índice de poboación con estudos postobrigatorios e achegármonos así ás ratios europeas. Para iso impulsamos a matriculación na Formación Profesional.

Hai poucos meses presentamos o II Plan Galego de FP 2008-2011. Vai ser un instrumento de gran importancia na ordenación desta oferta educativa, no establecemento de mecanismos de colaboración coas empresas e na necesaria adecuación da FP ás necesidades do mercado laboral.

O Goberno que presido apostou igualmente pola Universidade. A mellor proba do que digo foi a decisión de incrementar os recursos destinados ás universidades por riba do que sinala o plan de financiamento establecido para o período 2005-2010.

Eses fondos medraron un 50 por cento en tres anos. Neste curso investíronse 140 millóns máis que en 2005.

O gasto por estudante medrou en Galicia o dobre que no conxunto do Estado durante o período 2004-2006. E o financiamento público das universidades acada en Galicia o 0,77 por cento do PIB, 11 décimas máis que a media estatal.

Ese compromiso manterase, así mesmo, nos vindeiros orzamentos do Goberno galego. Neles, inxectaremos fondos adicionais para que as universidades non paguen a crise. De seguirmos os criterios do modelo vixente, as universidades recibirían 4 millóns de euros menos que este ano. Non obstante, incrementaremos en 11 millóns de euros o presuposto deste ano, o que supón 15 millóns máis do que nos obriga o plan vixente.

Porén, cremos necesario reformular o sistema de financiamento vixente. O novo modelo, cuxa revisión se adiantará á primeira parte do ano próximo, debe incorporar obxectivos de competencia científica, de eficiencia na docencia, de inserción laboral, de internacionalización, de transferencia de tecnoloxía... actualmente non previstos e que lastran o financiamento das universidades.

### **Aposta pola Sanidade**

Señorías,

Atopamos unha sanidade pública galega descapitalizada en recursos económicos, humanos e dotacionais. Esa situación inducía a moitos cidadáns a buscar solución aos seus problemas de saúde fóra do sistema público. Servía tamén como argumento para deslexitimar o sistema.

O endebedamento do sistema superaba os 400 millóns de euros.

O período medio de pago da facturación recibida nos centros sanitarios situábase en 142 días. O pago dos intereses de demora acaparaban 10 millóns de euros anuais.

As fundacións hospitalarias estaban en creba técnica. A transparencia nos procedementos de contratación era practicamente nula: só un 5 por cento das compras se facían por concurso público.

Diante deste lamentable panorama, o que fixemos foi o seguinte:

Saneamos a sanidade con 413 millóns de euros acadando no exercicio 2006 unha débeda esixible de cero euros.

Inxectamos case 23 millóns de euros para o saneamento das fundacións hospitalarias.

Incrementamos o orzamento sanitario nesta lexislatura un 43 por cento, cun total de 1.225 millóns de euros. Un esforzo que supera o feito nos nove exercicios anteriores de Gobernos do PP.

Reducimos o período de pago aos provedores a 56 días, e hoxe realizamos mediante concurso público o 45 por cento das compras.

En canto aos recursos humanos e ás súas condicións laborais, os profesionais non tiñan un emprego estable e os contratos eran precarios. Durante 15 anos non houbo ofertas de emprego públicas. Os efectivos eran escasos e nulas as previsións de necesidades de persoal.

¿Que fixemos nestes tres anos para frear e investir esta situación?

Convocamos cada dous anos unha oferta de emprego público.

En 2006, ofertamos 3.084 prazas e este ano convocaremos outras 1.400 prazas para consolidar o emprego de enfermería, auxiliares, celadores e persoal de cociña. Unha vez rematada esta oferta, a taxa de estabilidade no Servizo Galego de Saúde elevarase ata o 96 por cento, unha das máis altas de España.

Incrementamos en só tres anos o número de efectivos en 2.748 prazas, unha cifra superior á dos oito anteriores exercicios do PP.

En canto ao ámbito asistencial, atopamos un modelo baseado en actos clínicos illados, escasamente racional e pouco eficiente. Tivemos que dar un xiro copernicano a fin de garantir unha atención de calidade, digna e comfortable.

Este é o obxectivo do plan de mellora de atención primaria 2007-2011, acordado cos sindicatos e as sociedades médicas, dotado cun orzamento de 63 millóns de euros, que vai supoñer un incremento de 1.061 novas prazas en todos os niveis profesionais.

Puxemos en marcha un plan integral de mellora da eficiencia hospitalaria e da xestión dos tempos de espera. Como resultado, recortamos o tempo de espera cirúrxica de 137 a 84 días, con datos de decembro de 2007.



Ampliamos o abano de prestacións sanitarias con iniciativas, moitas delas pioneiras en España, como o programa de saúde buco-dental para nenos e nenas, o plan de atención integral da saúde da muller de Galicia ou os plans sobre drogas, de saúde mental, de cuidados paliativos, de vacinación contra a meningite ou de tecnoloxías da información e da comunicación.

Quero mencionar tamén a tarefa de ampliación e renovación das infraestruturas sanitarias galegas que estamos a levar a cabo, recollidas no plan director de infraestruturas sanitarias 2008-2013.

Durante ese período remataremos a construción de dous novos grandes hospitais en Vigo e en Lugo, o Hospital Único en Pontevedra, as grandes obras de reforma e ampliación dos hospitais de Ourense, A Coruña, Ferrol, Santiago, Salnés, Costa da Morte e Barbanza, ademais da creación de 66 novos centros de saúde e obras de ampliación noutros 22.

Estamos igualmente introducindo moitas melloras no que respecta aos dereitos dos pacientes. Creamos a figura do vicevaledor do paciente. Establecemos o dereito á segunda opinión médica. E aprobamos a Lei de saúde, que recolle un auténtico código de dereitos dos usuarios da sanidade pública, regulando entre outros o dereito á intimidade, ao acompañamento, á confidencialidade e á información.

Foron, en suma, señorías, tres anos de cambio profundo e intenso nas bases e no funcionamento do sistema sanitario. Un sistema que, cando o recibimos, camiñaba cara ao colapso financeiro, profesional e asistencial.

### **Un auténtico sistema público de servizos sociais**

O mesmo podería dicir, señoras e señores deputados, se falamos dos servizos sociais que recibimos hai tres anos, caracterizados pola fragmentación, a desigualdade territorial e uns niveis de protección que situaban Galicia na cola de España.

O noso reto foi dotar o país dun sistema público de servizos sociais. O desafío consistiu en configurar unha rede de protección social, articulada desde os principios de igualdade de oportunidades, equidade e reequilibrio territorial, e orientada a mellorar as condicións de vida dos cidadáns.

O consorcio galego de servizos da igualdade e do benestar, do que forman parte xa 261 concellos, foi a fórmula escollida para lograr unha xestión moderna e innovadora destes servizos. Entre os seus obxectivos para o ano 2008 atópase o de crear 1.351 novas prazas en 38 centros de atención á dependencia.

Así mesmo, a través da sociedade galega de servizos sociais, o Goberno autónomo e as caixas de aforro porán en marcha este ano 6 novas residencias e asumirán a xestión doutras dúas. En total, 1.000 novas prazas residenciais.

Quero referirme tamén á radical transformación que neste trienio experimentou o sistema galego de benestar co deseño e implantación da rede pública de atención á terceira idade e á dependencia.

Esta comprende a rede galega de centros de día, o servizo galego de apoio á mobilidade persoal, o programa de axuda no fogar e a teleasistencia.

Hai tres anos, non existía un só centro de día na rede pública. Na actualidade, contamos xa con 30 centros que ofrecen máis de 900 prazas, cifra que nos achega ao obxectivo desta lexislatura, consistente en ter 55 centros operativos e 2.200 prazas para persoas maiores.

Outra novidade desta lexislatura é a posta en marcha da rede de centros de alzhéimer, que en menos dun ano de existencia conta xa con 7 equipamentos de atención diúrna que ofertan 204 prazas. A rede completárase en 2009 con 6 novos centros.

No ámbito específico da implantación da Lei de dependencia, na actualidade presentáronse 50.105 solicitudes de valoración, das cales están realizadas o 90 por cento.

Das persoas valoradas, 28.182 teñen recoñecido o dereito ás prestacións recollidas na lei. Destas, 10.800 xa teñen asignado un recurso específico para garantir a atención da súa situación de dependencia e, concretamente, 7.212 xa se benefician das diferentes libranzas da dependencia, que establece pagas mensuais que van desde 500 a 1.300 euros.

A construción da Galicia social pasa tamén pola loita contra a pobreza, pola loita contra a exclusión social.

Ao chegarmos ao Goberno, atopámonos cun dato demoledor: un 14,8 por cento da poboación galega, uns 130.000 fogares, estaban en situación de risco de pobreza, especialmente no medio rural, coas mulleres como principais afectadas.

A combater esta situación vai dirixido o II Plan galego de inclusión social 2007-2010 e, dentro del, as oficinas de igualdade+benestar.

Nos últimos meses, puxéronse en funcionamento 11 oficinas en toda Galicia e que prestan servizo a máis de 200 concellos.

Así mesmo, máis de 51.000 persoas –o 70 por cento, mulleres– percibirán antes de que remate o ano a paga única que complementará as súas pensións. Beneficiaranse deste complemento autonómico os perceptores de pensións non contributivas. O complemento galego consistirá nunha paga única de 200 euros.

Para dotar economicamente este complemento destinouse este ano unha partida de máis de 10 millóns de euros.

### **Transporte público atractivo, fiable e alcanzable**

Señorías, queremos un transporte público atractivo, fiable e alcanzable.

O transporte público ten que desempeñar un papel fundamental.

Debe ampliar a seguridade, mellorar e abaratar a mobilidade, desconxestionar as áreas urbanas, reducir as taxas de polución e contaminación acústica e, en definitiva, ceder o paso ás persoas, únicas propietarias da praza pública.

Esas consideracións son as que inspiran o **novo transporte metropolitano**, que vimos de presentar hai poucos días. E que vai permitir duplicar en cinco anos o número de usuarios do transporte público, ata chegar aos 225.000 diarios, así como retirar da circulación 56.000 vehículos.

Trátase dunha proposta que imos implantar de acordo cos 56 concellos das áreas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo e Ferrol.

Unha proposta atractiva e fiable para responder a unha das demandas fundamentais que ten hoxe a nosa cidadanía: a esixencia dun sistema de transporte que permita superar os problemas de mobilidade e de conxestión nas grandes áreas urbanas do país.

Unha proposta que se basea en catro vectores:

O primeiro deles estriba no establecemento dunha nova política tarifaria que supón rebaixar, o prezo do billete do usuario frecuente nun 52 por cento. Utilizando as novas tecnoloxías dispoñibles, implantaremos a tarxeta única do transporte metropolitano en Galicia, que permitirá os transbordos sen custo e será válida para as sete áreas que configuran o sistema.

O segundo consiste na mellora da coordinación entre as redes urbanas e interurbanas. Crearanse a tal fin puntos de transbordo urbano-metropolitano cando a demanda de pasaxeiros así o requira, o que permitirá incrementar a funcionalidade das liñas.

O terceiro consiste na mellora da oferta de transporte. Estableceranse en cada área metropolitana corredores de altas prestacións para aqueles percorridos máis empregados polos usuarios.

Finalmente, o cuarto está relacionado coas propias infraestruturas de transporte metropolitano, como as marquesiñas, a mellora da información ao usuario ou a creación de plataformas exclusivas para o transporte público e de intercambiadores.

O Goberno galego asumirá o 80 por cento do custo de funcionamento do transporte metropolitano. Con ese fin, habilitamos unha consignación orzamentaria de 15 millóns de euros anuais para reducir as tarifas. A esa cantidade hai que sumar outros 5 millóns anuais para infraestruturas do transporte.

### **A vivenda, un dereito de todos**

Señorías,

Non é posible construír a Galicia social que soñamos se os nosos cidadáns non poden realizar o seu proxecto vital porque non conseguen as chaves dunha vivenda.

Cando aprobamos a Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, fun consciente de que estabamos a dar un gran paso no camiño do cumprimento dun importante mandato constitucional.

Coa lei de medidas urxentes demostramos que se pode facer política de vivenda pensando nas persoas. Que a política de vivenda pode e debe ser un instrumento de cohesión social.

Esta é unha lei que vai dar osíxeno a un sector fortemente afectado pola actual crise inmobiliaria e que ten en conta a realidade e as demandas dos concellos.

Pero, sobre todo, é unha lei que facilita o acceso a unha vivenda digna ás familias e individuos con rendas medias e medias-baixas e os máis novos.

O establecemento por lei dunha porcentaxe do 40 por cento de reserva do solo nos concellos de máis de 20.000 habitantes para vivenda protexida e a prezo taxado, representa un gran avance na construción dunha sociedade máis xusta.

Como avance constitúe a posta en marcha de 33.351 vivendas nestes tres anos. Desas vivendas, 10.280 corresponden á colaboración establecida entre a Administración e o sector



privado para a realización de vivenda protexida. Outras 1.259 foron construídas directamente polo Goberno galego e 21.992 foron rehabilitadas.

O Goberno que presido investiu na promoción e rehabilitación de vivendas máis de 219 millóns de euros. E estamos a poñer a disposición do sector da construción e da promoción 540.000 metros cadrados de solo residencial para a edificación dunhas 4.000 vivendas protexidas nas grandes áreas urbanas de Galicia.

Esta ofensiva complétase coa próxima adxudicación do plan sectorial de solo residencial de Galicia. Unha iniciativa pioneira no Estado coa que poderemos cualificar solo residencial nos concellos aínda que non exista planeamento.

Esta decisión permitiranos, antes de 2017, cualificar 8,7 millóns de metros cadrados como solo residencial, fundamentalmente nas zonas de elevada demanda, o que permitirá erixir 45.000 novas vivendas protexidas, mobilizar investimentos por 5.200 millóns de euros e crear 300.000 empregos.

Trátase, polo tanto, dun plan que contribúe innegablemente á cohesión social do país.

## **Lingua e cultura**

Señorías,

O Goberno galego está a impulsar tamén novos marcos e novas orientacións no eido da política cultural.

Un dos principais obxectivos acometidos no trienio consistiu na redefinición do proxecto da Cidade da Cultura, involucrando ás grandes empresas do país no redeseño e xestión do complexo cultural. O noso propósito é converter o Gaiás nun proxecto estratéxico que sitúe a Galicia nos grandes circuitos internacionais da cultura.

Logramos a elección da Torre de Hércules como candidata española a Patrimonio da Humanidade. E temos posto en marcha o plan de delimitación e protección dos camiños de Santiago, instrumento necesario para lograr a súa ampliación como patrimonio da humanidade. Así mesmo, imos iniciar o proceso para declarar bens de interese cultural 48 xacementos megalíticos espallados por todo o país, outorgándolles o máximo grao de protección de bens patrimoniais. Integranse todos eles na rede galega de patrimonio arqueolóxico.

Asemade, temos realizado xa os traballos de delimitación previos á declaración individualizada como BIC dos 45 principais conxuntos de petróglifos da provincia de Pontevedra, aos que seguirán no futuro os das outras tres provincias.

Tamén son iniciativas de especial significación a aprobación do plan de lectura, a posta en marcha do plan galego das artes escénicas, a creación dos premios nacionais da cultura galega e a preparación, organización e aprobación de investimentos para a celebración do Xacobeo 2010.

Señorías,

Convirán comigo en que, como dicía Ramón Piñeiro, unha das grandes realizacións do pobo galego é a súa lingua, "froito da loita do espírito por fornecer á súa propia identidade colectiva a expresión verbal xenuína", a mesma que nos dá, como dicía o mestre, conciencia da nosa identidade e da nosa unidade.



Hai un ano, nesta mesma tribuna, emprazaba á oposición a regresar ao consenso en materia lingüística, aquel que nos permitiu aprobar unanimemente o Plan de Normalización Lingüística, un consenso, así o creo, que é reflexo dunha ampla maioría social.

Lamento dicir que no tempo transcorrido non foi posible. E non por falta de vontade do Goberno que presido.

Primeiro, o Partido Popular rachou o consenso ao rexeitar o decreto que asegura unha maior presenza e promoción da lingua propia de Galicia no ensino non universitario. O mesmo decreto en cuxa negociación participou e cuxo articulado apoiou por ser plenamente coherente co Plan de Normalización ata que, por motivos nunca aclarados, á hora de votar fíxoo en contra.

Logo converteuse no altafalante de grupos minoritarios que importan a Galicia falsas polémicas alleas á realidade do país, caracterizada sempre polo respecto e a convivencia.

Non obstante, quero reiterarlles o ofrecemento. Volvan ao consenso, deixen fóra das leas partidarias a nosa maior creación como pobo, traballemos xuntos na creación dunha Galicia plurilingüe, diversa e tolerante.

Defendo unha Galicia, como a súa xente, respectuosa e defensora das dúas linguas, galego e castelán, castelán e galego, que enriquecen o noso patrimonio e a nova visión do mundo.

## **VERTEBRACIÓN DO TERRITORIO E PRESERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE**

Galicia sufriu a despreocupación pola preservación do seu patrimonio natural, pola ocupación racional do territorio, pola sustentabilidade da actividade económica e pola explotación dos seus recursos naturais.

Esta situación deu un xiro copernicano nos tres últimos anos. Primeiro, porque o Goberno que presido converteu en obxectivo de país a posta en valor do territorio, como escenario económico, espazo de convivencia e patrimonio que cómpre preservar.

Segundo, porque adoptamos unha perspectiva integral da acción política. Unha visión na que cada medida, cada lei e cada actuación se enmarcan nunha estratexia perfectamente definida de desenvolvemento sustentable.

Quero, sen pretensión de exhaustividade, referirme a algunhas desas iniciativas, as máis senlleiras, para ilustrar o profundo cambio de perspectiva e de acción.

Hai ano e medio, promovemos a lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral. Unha norma que garante o desenvolvemento urbanístico sustentable e ordenado na franxa costeira.

Con esta lei evitamos que se estragase irreversiblemente unha das partes máis emblemáticas do noso patrimonio.

Esta medida, que supuxo a suspensión preventiva de novos desenvolvementos urbanísticos en terreos situados a menos de 500 metros do mar, quedará derrogada o ano vindeiro, cando sexa superada polo plan integral de ordenación do litoral, no que estamos traballando.

Paralelamente, asumimos o desafío de aprobar unha das grandes materias pendentes: a ordenación do territorio, as pautas para deseñar a Galicia do futuro.

Certamente houbo, en tres décadas de autogoberno, algunha convocatoria extraordinaria para superar a materia. Así, a Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, de 1995, recollía o mandato de elaborar as directrices de ordenación do territorio. Non obstante, os gobernos do PP non compareceron ao exame e o mandato legal só se cumpriu coa chegada do Goberno que presido.

Este ano aprobamos e sometemos a exposición pública as Directrices de Ordenación do Territorio. É a primeira vez, polo tanto, que se constata a vontade política de converter a ordenación do territorio nunha liña estratéxica da acción de Goberno.

É a primeira vez que Galicia conta cun libro de ruta que define o modelo territorial que o país necesita.

As Directrices de Ordenación do Territorio inclúen 197 determinacións para lograr unha maior cohesión social, un maior equilibrio territorial e unha dinámica económica sustentable a través da potenciación das áreas urbanas e da articulación dun sistema policéntrico de cidades.

As directrices definen os ámbitos urbanos e permitirán unha planificación óptima das súas infraestruturas, servizos e equipamentos.

Consolidan unha rede de vilas que han servir de base para a extensión dos servizos a todo o territorio. Contemplan a planificación con criterios de supramunicipalidade, de cara a conseguir unha maior eficiencia na dotación de infraestruturas, equipamentos e servizos.

Señorías, a concepción integral do deseño das infraestruturas é imprescindible para a construción desa rede. E facíase necesario desterrar as prácticas dun pasado marcado polas iniciativas illadas, pola carencia dunha visión de conxunto na planificación das infraestruturas.

Precisamente como documento marco de planificación integral, xurde o Plan Director de Estradas de Galicia, que diseña o desenvolvemento da nosa rede viaria ata o horizonte do ano 2020.

O obxectivo final é desenvolver unha rede viaria funcional e eficiente, ao servizo da cidadanía e do desenvolvemento do país, e que contribúa á igualdade territorial e de oportunidades dos cidadáns.

Este plan, que xa foi publicado no Diario Oficial de Galicia e está en fase de información pública, prevé un investimento de 16.000 millóns de euros, e permitiranos actuar sobre as tres cuartas partes da rede autonómica.

Deste xeito, a rede de estradas de alta capacidade multiplicarase por máis de 4 nos próximos catro anos, pasando de 149 quilómetros a 624 quilómetros. Así mesmo, a rede de autovías sen peaxe multiplicará por 10 a súa extensión, ao pasar de 27 a 281 quilómetros.

Todas estas actuacións vannos permitir mellorar as comunicacións cos territorios que rodean Galicia e a accesibilidade aos portos, aeroportos e redes de ferrocarril, co que isto supón de aposta pola intermodalidade.

Con estas actuacións, todas as poboacións de Galicia estarán situadas a menos de 30 minutos dunha vía de altas prestacións. Ademais, reduciranse significativamente os tempos de viaxe entre os sete grandes núcleos que forman o espazo urbano policéntrico que caracteriza a Galicia.

### **Cara á Galicia vertebrada**



Señorías, no horizonte do ano 2012, Galicia poderá ver como o eterno déficit de infraestruturas que determinou a nosa condición histórica de periferia é substituído por unha rede de comunicacións, por estrada e ferrocarril, que estará á altura dos territorios europeos máis avanzados.

O 2012 será o ano da alta velocidade en Galicia e será tamén o ano no que vexamos enormemente melloradas as nosas conexións por estrada coa Meseta e con Portugal. País co que mantemos unha estreita colaboración para o desenvolvemento dese outro gran proxecto en marcha que é o tren de alta velocidade entre Vigo e Porto, con data de finalización das obras en 2013. Conexión que se verá potenciada co enlace directo Vigo-Ourense por Cerdedo, liña á que non renunciamos.

O esforzo conxunto e solidario do Goberno central e do Goberno da Xunta fará posible que en 2012 as sete grandes cidades galegas estean unidas por autoestrada ou autovía, en canto se culminen os enlaces Santiago-Ourense, Lugo-Santiago e Lugo-Ourense.

A Autoestrada do Atlántico, auténtica columna vertebral da fachada occidental, proxectarase cara ao mar a través dunha serie de autovías e vías de alta capacidade que proporcionarán acceso áxil e seguro a todas e cada unha das rías galegas, desde Bares á Guarda, nun esforzo investidor superior os 1.300 millóns de euros.

En paralelo á AP-9, que será ampliada nos contornos das cidades, configúrase unha nova espiña dorsal que unirá Ferrol con Lugo, Ourense e Portugal.

Abriranse así novas posibilidades de desenvolvemento e de mobilidade para o interior de Galicia e unha nova conexión co país veciño.

O debuxo completárase coa mellora da accesibilidade cara ao este, coas autovías de conexión coa Meseta e a Transcantábrica, que facilitará o acceso aos principais mercados da Unión Europea a través de Asturias, Cantabria e País Vasco.

Nesta última, na que vimos de inaugurar unha obra de enxeñería senlleira como a Ponte dos Santos, dous de cada cinco quilómetros estarán en servizo ao remate deste mesmo ano. Non fai falla que lles lembre que ao chegarmos ao goberno os galegos non podíamos percorrer nin un só quilómetro da mesma.

Esa realidade, que avanza cada día co ruxir das máquinas por toda a xeografía do país, que case podemos tocar coas mans, que nos vai permitir contar por vez primeira na nosa historia cunha auténtica malla vertebradora de infraestruturas de comunicación, completárase con tres poderosos enclaves portuarios.

Son os portos exteriores de Ferrol e da Coruña no Norte, e de Vigo no Sur, auténticas portas de entrada dos tráficos procedentes de América e cara a Europa e cabeza de ponte das autoestradas marítimas.

O deseño desa Galicia vertebrada complétase cos tres aeroportos actuais traballando en rede, o que ofrecerá a Galicia unhas posibilidades de transporte ata o de agora descoñecidas.

### **A seguridade viaria, unha loita de todos**

Como lles dicía, señorías, a loita contra os accidentes de tráfico é un obxectivo central da nosa acción política.



Por iso, promovemos o Plan galego de seguridade viaria, do que xa temos posto en marcha o 80% das iniciativas nel previstas. Un Plan pioneiro en España que axudará a lograr o obxectivo de diminuír un 40% o número de falecidos en accidente de tráfico.

En tres anos investimos 300 millóns de euros en iniciativas encamiñadas á redución da sinistralidade. Aínda admitindo que todo esforzo é pouco nesta materia, porque non pode haber satisfacción mentres as estradas continúen cobrándose vidas, o certo é que eses recursos supoñen un 83 por cento máis do que se investía na lexislatura anterior.

A cifra de falecidos nas estradas galegas reduciuse no que vai de ano un 32,6 por cento. A de motoristas, case un 50 por cento.

Precisamente, podo anunciarlles que, como medida extraordinaria, imos colocar máis de 120 quilómetros adicionais de dobre bionda para a protección dos motoristas. Estes sumaranse aos máis de 80 quilómetros liñais que xa estamos colocando, fronte aos cero quilómetros do PP.

Con todo, son datos que, lonxe de facernos baixar a garda, anímannos a seguir perseverando nesta liña de acción.

Outra das iniciativas, o Noitebús, estase a consolidar como servizo de transporte nocturno en zonas de ocio. Así o constata o feito de que xa o leven empregado máis de 250.000 mozos desde a súa posta en marcha no verán de 2006. De feito, este verán triplicouse o número de usuarios, ata alcanzar os 66.000.

Pero xunto con estas medidas foron decisivas as actuacións adoptadas polo Goberno de España. Modificación do código penal, implantación do carné por puntos e reforzo dos medios humanos e materiais da Garda civil en Galicia.

Pero todo esforzo será baldío se non logramos unha concienciación social real que complementa as políticas que pode levar a cabo un Goberno.

### **Preservar o patrimonio ambiental**

Señorías,

En Galicia houbo, durante moitos anos, unha falta de atención ás cuestións relacionadas co medio e coa preservación dos nosos recursos e do noso patrimonio natural.

Un dos principais activos cos que conta Galicia son as nosas rías, un tesouro natural, pero tamén económico, co que gañan a vida moitos galegos. A preservación das rías debería ser un dos puntos centrais da acción ambiental de calquera Goberno de Galicia.

Teño que lamentar unha vez máis que isto non fose así e que esa situación de negligencia e de abandono, prolongada durante demasiados anos, estivese a piques de conducirnos á perda irreparable dunha parte esencial do noso patrimonio.

Este Goberno, desde o primeiro momento, comprometeuse coa recuperación destes espazos. Dotámonos dun instrumento, o plan de saneamento integral das rías, que adopta unha visión de conxunto, define actuacións e contempla os recursos económicos necesarios para afrontar os problemas da contaminación das rías galegas e das súas repercusións económicas, sociais e ambientais.

O noso obxectivo é mellorar a calidade das augas das rías galegas e diminuír a carga microbiolóxica nas zonas de produción de moluscos bivalvos.

Estamos a falar dun investimento de máis de 650 millóns de euros na construción de 35 estacións depuradoras e en actuacións de saneamento. Desas EDARes, 10 están en execución, outras 10 xa foron licitadas e os proxectos das tres restantes atópanse en tramitación.

Estamos a falar, tamén, do saneamento integral dos núcleos de poboación con máis de 2.000 habitantes.

Un programa que supón un esforzo investidor de 286 millóns de euros. Con el dáse resposta á directiva europea 91/271, que foi reiteradamente incumprida polo anterior goberno da Xunta e a rentes estivo de custarlle unha cuantiosa multa á cidadanía galega.

Esta ofensiva por unha Galicia sustentable ímola completar coa aprobación de dous documentos estratéxicos: a lei integral de residuos de Galicia, xa en trámite parlamentario, e o novo plan de residuos 2008-2016, que aprobaremos previsiblemente no primeiro trimestre do ano. Medidas, en suma, que rexeitan a incineración e promoven a compostaxe, en liña coas prescricións europeas.

Así mesmo, o vindeiro ano aprobaremos a proposta de ampliación da Rede Natura 2000, así como o plan de ordenación dos recursos naturais e do medio físico dos espazos nela integrados e declararemos seis novos parques naturais: Ancares, Pena Trevinca, Caurel, Macizo Central, Xurés e Corrubedo-O Son.

Dentro da aposta pola sustentabilidade representa un papel central a política enerxética. O Goberno galego aposta decididamente pola diversificación enerxética a través das renovables.

O noso obxectivo, recollida na Estratexia Energós, é que Galicia dispoña de 125 megawattios de biomasa, ademais de 30.000 metros cadrados de paneis solares térmicos e 200.000 toneladas de biocombustibles por ano.

En canto á enerxía eólica, en breve coñeceranse os adjudicatarios dos 2.325 megawattios sacados a concurso, que permitirán uns investimentos directos e inducidos de preto de 5.500 millóns de euros e a creación de 3.000 empregos ata 2012.

E podo anunciarlles que pasado mañá, o Consello da Xunta dará luz verde ao proxecto de lei polo que se crea o canon hidroeléctrico.

## **GALICIA AVANZA E PROGRESA**

Señorías,

Nesta lexislatura, e máis alá dos momentos de incerteza económica global que estamos a vivir, Galicia puido empezar a recoller os froitos da nova estratexia económica que implantamos ao chegar ao Goberno.

Nos últimos anos Galicia avanzou pola senda da converxencia con España e con Europa. Galicia apertou o paso do crecemento. Tanto é así que nos anos 2006 e 2007 ocupamos as primeiras posicións entre as comunidades con maior crecemento en toda España e por riba do crecemento rexistrado en Europa.

Este liderado, tan pouco frecuente na nosa historia, permitiunos reducir as diferenzas cos territorios máis avanzados. O noso PIB por habitante pasou do 81,7 por cento da media española ao 84,6 por cento en só dous anos.

Estas porcentaxes indican unha converxencia de case tres puntos nun bienio. Galicia foi a terceira comunidade que máis avanzou na senda da converxencia, só por detrás de Asturias e do País Vasco.

O forte dinamismo económico converteuse en intensa creación de emprego. Galicia tiña, a mediados do ano 2005, 1.113.400 persoas ocupadas. Hoxe, tres anos despois, temos 1.200.800 ocupados, o máis voluminoso continxente laboral da nosa historia.

A taxa de paro, malia o repunte do primeiro semestre, atópase en niveis de hai 25 anos. Sitúase 2,1 puntos por debaixo da taxa española. O índice de paro feminino, que hai tres anos alcanzaba ao 15,2 por cento, está hoxe no 10,7 por cento. Son 4,5 puntos de redución durante esta lexislatura.

Galicia creceu máis e xerou máis emprego neste trienio.

Os datos reflicten, así mesmo, unha mellora substancial nos niveis de vida dos cidadáns.

Señorías: é certo que os prezos creceron de forma significativa nestes tres anos. Un 3,4 por cento de media anual. O encarecemento do petróleo, dos alimentos e das materias primas explican, en gran medida, esa subida. Pero a alza dos prezos non se traduciu en perda de poder adquisitivo. Nin para os asalariados nin para os pensionistas de Galicia.

Os salarios medraron a un ritmo medio interanual do 4,1 por cento. Xa que logo, as nóminas creceron sete décimas máis cós prezos. Os traballadores gañaron sete décimas anuais de poder adquisitivo.

Outro tanto podemos dicir das pensións. O crecemento medio neste tempo foi do 5,8 por cento. O poder adquisitivo do pensionista medio medrou 2,3 puntos anuais. E as pensións máis baixas, aínda en maior proporción.

Nesta lexislatura, Galicia creceu e creou emprego. E os froitos dese crecemento e dese emprego tradúcense nunha mellora xeral das condicións de vida das galegas e dos galegos.

### **Solo empresarial, superando as carencias**

Señorías,

O desenvolvemento empresarial require solo produtivo. Por iso dedicamos un notable esforzo á súa promoción e creación. Estamos a desenvolver un programa de construción de novos parques, para que todas as empresas teñan acceso a solo industrial urbanizado, con infraestruturas axeitadas e prezos competitivos.

Estamos a pór remedio á histórica carencia de solo produtivo nas áreas de maior desenvolvemento económico de Galicia. Facémolo mediante a planificación e deseño de novos espazos empresariais estratéxicos, que constitúen os nós do tecido empresarial de Galicia.

Nos dous últimos meses, unha ducia de proxectos de parques empresariais ou de nodos lóxicos recibiron un impulso definitivo para pasar dos planos á realidade.

É o caso da PLISAN, e tamén o do Parque Tecnolóxico de Galicia, que xa superou un novo trámite administrativo para ver culminada a súa gran ampliación. Lémbrolles que a comezos de setembro foi licitada a redacción do proxecto de urbanización.

Este proxecto de ampliación fará que a primeira tecnópole galega duplique practicamente a súa superficie.

A medio prazo, a oferta de solo crecerá en Galicia en 29 millóns de metros cadrados. Pero ademais, a curto prazo, entrarán en servizo 13 millóns de metros, superficie que se corresponde cos polígonos recentemente executados ou en obras.

### **Innovación, base da sociedade do futuro**

Señorías,

A aposta pola I+D+i é unha das prioridades do Goberno galego, como se pon de manifesto nos moi notables incrementos orzamentarios destinados ás actividades de investigación, desenvolvemento e innovación. Esta prioridade inclúe tamén a introdución das novas tecnoloxías da comunicación e a extensión da banda ampla en todo o territorio galego.

O Plan Galego de I+D+i, cunha dotación de 800 millóns de euros ata 2010, ten como obxectivos incrementar o gasto en I+D ata o 1,5 por cento do PIB no 2010, e acadar un número de 10.000 investigadores, o dobre dos que existían ao inicio da lexislatura.

Nestes tres anos estamos a levantar un sólido entramado de centros de excelencia científica, centros tecnolóxicos, plataformas tecnolóxicas e clústers que dan soporte ao I+D+i galego.

O pasado 21 de xullo presentamos a rede de parques científicos e tecnolóxicos de Galicia. A rede estará formada por 5 parques situados en todas as provincias e perfectamente integrados cos sectores produtivos importantes en cada zona.

Estamos a falar do xa mencionado Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) de Ourense; a Cidade Tecnolóxica de Vigo (Citexvi); o Parque Tecnolóxico de Lugo; e os parques tecnolóxicos e científicos de Santiago e A Coruña.

A rede irase poñendo en marcha progresivamente ata 2012. Significará a mobilización de 435 millóns de euros en dous millóns de metros cadrados de solo tecnolóxico, que acollerá a máis de 550 empresas e implicará a creación de 6.600 empregos directos.

Pola súa banda, o plan estratéxico da sociedade da información, dotado con 800 millóns de euros ata o ano 2010, permitirá que o ano que vén todos os núcleos de poboación que contén con máis de 500 vivendas teñan conectividade de banda ampla. O obxectivo é lograr que no 2010 o 90 por cento da poboación galega teña acceso a este tipo de servizos.

### **Un país equilibrado e solidario**

Señorías,

Como é ben sabido, Galicia sufriu durante moitos anos un constante e intenso proceso de desvertebración e desestruturación territorial. Este proceso contribuíu a xerar importantes desigualdades entre diferentes zonas de Galicia e mesmo a afastar dos estándares básicos de benestar a unha parte substancial da poboación.

Este proceso non descansou unicamente nunha dinámica económica territorialmente desequilibrada, senón que se viu agravado por unha política territorial profundamente errada, que deu lugar a desenvolvementos territoriais inxustos e desequilibrados, e que condenou a gran parte do país ao illamento e á desertización económica e social.

Estoulles a falar dunha situación na que o 88 por cento do territorio concentra apenas o 37 por cento da poboación, e na que a renda per cápita non chega ao 85 por cento da renda media do país.

Esta situación é a que nos levou a elaborar un ambicioso plan de acción para avanzar no obxectivo da converxencia interior. Un plan destinado a favorecer a cohesión económica e social de todos os territorios do país.

Hai xa máis dun ano que puxemos en marcha o Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010. Un plan que nesta primeira fase inclúe actuacións en 254 concellos por un investimento global de 3.657 millóns de euros.

### **Futuro para o medio rural**

Como tamén o é a aposta pola dinamización e fortalecemento do medio rural con políticas atractivas, capaces de consolidar a actividade agraria e de fixar poboación vinculada a ela. Ese constitúe o principal obxectivo da nosa actuación no medio rural.

A aposta polo futuro das zonas rurais ten unha das súas principais ferramentas no Plan de desenvolvemento rural 2007-2013, dotado con preto de 1.500 millóns de euros procedentes de fondos públicos. Este plan vai fomentar o relevo xeracional coa incorporación de mozos á titularidade das explotacións agrarias. Só no que vai de lexislatura, xa o fixeron 1.400.

Co 51 por cento do total, as mulleres xa superan aos homes en novas incorporacións ás explotacións agrarias, o que demostra o cambio de tendencia logrado coas políticas de incentivos que puxo en marcha o actual Goberno da Xunta.

Ese dato é un resultado directo de liñas como as axudas aos cotitulares de explotacións pola súa incorporación á actividade, e de medidas como a redución dun 20 por cento na base de cotización ao réxime especial.

Outra importante iniciativa posta en marcha polo Goberno é o programa estratéxico de infraestruturas no medio rural 2006-2009. Os investimentos están no entorno dos 83 millóns de euros.

No plano legal, aprobamos a creación do BANTEGAL (Banco de Terras de Galicia), destinado a ampliar e mellorar a base territorial das nosas explotacións agrarias.

A valoración deste instrumento é altamente positiva, xa que desde a súa entrada en funcionamento, conseguiu incorporar 6.200 parcelas para o seu arrendamento, co obxectivo de aumentar a base territorial e reducir os custos das explotacións.

Tamén aprobamos a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Unha norma que permitiu establecer as medidas preventivas para loitar contra o lume, ao tempo que serviu para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte como base do desenvolvemento sustentable.

Nestes momentos, o Goberno está a traballar no borrador do anteproxecto de Lei de Montes de Galicia, que pretende marcar un punto de inflexión cara unha nova política forestal galega que facilite a xestión sustentable do monte, a súa conservación, protección e restauración.

Tamén estamos a dar impulso ás relacións interprofesionais e á transparencia na compravenda de produtos agrarios a través de iniciativas como os contratos homologados.

### **Unha pesca competitiva e sustentable**

Señorías,

A recuperación do sector primario galego é un dos compromisos deste Goberno, o que afecta non só ao medio rural, senón tamén a toda a política pesqueira e de recursos mariños.

O último ano caracterizouse pola entrada en vigor dun novo marco de apoio comunitario. O novo Fondo Europeo da Pesca vai supoñer un investimento de máis de 1.000 millóns de euros no sector pesqueiro galego no período 2007-2013.

Neste camiño de modernización vai ser fundamental a nova Lei de Pesca que será debatida en breve neste Parlamento. A lei vaios facilitar un instrumento moderno, áxil, sinxelo e flexible para xestionar o sector pesqueiro de Galicia, tendo en conta as persoas, a economía, os recursos e o respecto polo medio.

No último ano continuamos a traballar, conxuntamente coas organizacións sectoriais, na reorientación estratéxica dos principais sectores produtivos. Nesa dirección, o desenvolvemento dos plans estratéxicos da industria conserveira e do sector dos produtos do mar conxelados de Galicia suporá un investimento total de máis de 300 millóns de euros nos vindeiros cinco anos.

Mención especial merece o Plan Galego de Acuicultura, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 28 de agosto. O novo plan é sustentable ambientalmente, respecta a Rede Natura, ofrece seguridade xurídica e garante a titularidade pública dos terreos fronte á especulación.

A acuicultura convértese nunha oportunidade para xerar riqueza e emprego en Galicia. De feito, o novo plan espertou o interese dos empresarios, que xa presentaron 19 proxectos, entre ampliacións e novas instalacións.

O plan prevé un investimento, entre público e privado, superior aos 350 millóns de euros, para acadar unha produción a maiores da existente de 21.600 toneladas e unha facturación de 180 millóns de euros. Na súa fase de plena expansión, o plan creará 1.966 postos de traballo directos, a meirande parte deles en comarcas costeiras en dificultades.

Señorías, a nosa aposta polo sector reflíctese así mesmo no esforzo por mellorar as condicións de traballo e de vida dos profesionais do mar.

Estamos a mellorar o seguro de mal tempo, de cuxas pólizas o Goberno sufraga o 70 por cento do custe, ampliándoo a outras variables e reducindo os días de temporal necesarios para cobrar a indemnización.

En materia de salvamento e loita contra a contaminación, contamos xa cun plan territorial de continxencias por contaminación mariña.

## **A RESPOSTA Á CRISE**

Señoras e señores deputados,

Hai poucos días comparecín nesta cámara para explicar a situación de Galicia neste momento de crise da economía mundial e dar conta das nosas fortalezas para afrontala. Os periodistas contabilizaron, naquela intervención, quince mencións da palabra "crise". Supoño que así pretendían resaltar a miña clara conciencia de que atravesamos momentos difíciles.



Efectivamente, non serei eu quen minimize a gravidade da situación. Nin son inxenuo nin irresponsable. O terremoto, que tivo o seu epicentro na desfeita do sistema financeiro estadounidense, con especial incidencia no mercado hipotecario, estende as súas ondas, con maior ou menor intensidade, a todas as economías do mundo global.

A crise é profunda porque sacude os alicerces mesmos do modelo neoliberal, levado ao paroxismo nos Estados Unidos.

Asistimos á quebra dos postulados que os expertos bautizaron como Consenso de Washington e que, entre outras medidas neoliberais, receiptaba a desregulación do mercado de capitais. Unha fórmula que deixaba ao capital especulativo liberdade para campar ás súas anchas por todo o globo terráqueo.

Esa ausencia de regulación está na xénese da crise, ao restrinxir ou cegar o crédito. Por iso, ao tempo que o Tesouro norteamericano trata de taponar o burato cunha multimillonaria inxección de recursos públicos, érguense voces que reclaman máis control e unha reformulación do sistema financeiro internacional. Entre elas, a da canciller alemá Ángela Merkel.

Porén, ninguén definiu mellor que o presidente francés o que está a pasar. Nicolás Sarkozy, a quen ninguén poderá acusar de veleidades socialdemócratas, expresouno nunha sintética sentenza: *le laissez faire c'est fini*. Frase que moi ben poderíamos traducir ao galego como "acabouse o todo vale".

Abonda co dito para resaltar a gravidade dunha tormenta que cuarteas as estruturas do sistema financeiro mundial e traslada esa conmoción ao tecido produtivo dos diversos países. Unha crise que sorprendeu a todos pola súa rapidez de propagación e pola súa intensidade. E que xa despregou a sombra da recesión sobre os países centrais da Unión Europea.

Inevitablemente, Galicia acusará o impacto. Estao a percibir xa no recorte das súas taxas de crecemento e na perda de pulso do mercado laboral. Coñezo as serias dificultades ás que nos enfrontamos porque, como dixen antes, non son inxenuo nin irresponsable.

Engadirei agora que tampouco son nin triunfalista nin catastrofista.

A miña é a posición dun presidente de Goberno que coñece e recoñece, con meridiana claridade, tres cousas. Sei que sufriremos. Sei que estamos mellor preparados para encaixar os golpes. E sei que estamos reaccionando con anticipación e contundencia.

Sei que sufriremos porque Galicia non é unha illa. Non é posible desconectar a nosa economía do seu contexto, nin mirar para outro lado mentres aumenta a tormenta, nin esconderse na autarquía.

Pero sei tamén que, despois de tres anos de impulso e de cambio, Galicia está máis forte, ten máis resistencia e maior capacidade de resposta a unha crise alimentada por factores esóxenos.

E sei igualmente que o Goberno que presido reaccionou con axilidade e anticipación ao albiscar os primeiros síntomas de desaceleración. Desde o primeiro momento, xa en xaneiro, erguemos barreiras de contención. Gañamos tempo porque as luces de alarma prendéronse cedo.

Xa na miña comparecencia para explicar a situación económica expliquei que Galicia é hoxe menos vulnerable. Non é froito da casualidade que manteñamos un diferencial positivo en



relación coas economías do noso entorno. E argumenteino. E nin os datos que imos recibindo nin os analistas económicos foron quen de desmontar aqueles argumentos.

Galicia resiste mellor, en primeiro lugar, porque o seu ritmo de crecemento no último trienio foi superior ao da economía española e das economías occidentais. Xa que logo, a igual intensidade de freada seguirá avanzando máis á prása o automóbil que circulaba a maior velocidade.

Pero Galicia resiste mellor, sobre todo, polos sólidos fundamentos da nosa economía.

Polo seu crecemento sectorialmente máis equilibrado e menos dependente do ciclo da construción.

Pola elevada e crecente proporción que ocupa a obra pública en comparación coa construción residencial.

Porque soubemos frear a tempo o “boom” inmobiliario que ameazaba con depredar a nosa costa.

Porque temos un sector exterior que impulsa en vez de lastrar o crecemento. Un sector exterior cun grao de cobertura superior en 30 puntos á media española.

Porque o grao de endebedamento das empresas e familias galegas é máis baixo que o nivel español.

Porque soubemos dialogar con empresarios e sindicatos, e acordar con eles estratexias de emprego e de competitividade que xeran confianza, un activo económico de primeiro orde.

En suma, porque o patrón de crecemento da economía galega presenta trazos singulares que reforzan a resistencia fronte ás dentadas desta crise específica.

Os últimos datos sobre paro rexistrado, difundidos o pasado xoves, corroboran esa análise. Déixenme advertir, previamente, que as cifras non son boas. Nunca me oirán dicir que é positivo un incremento do desemprego, aínda que sexa mínimo.

Pero si é xusto constatar que, no último ano, o paro rexistrado medrou en España tres veces máis que en Galicia. E outro dato ben significativo: case a metade dos parados que se rexistraron en Galicia nos primeiros nove meses do ano proceden doutras comunidades autónomas. Afórrolles a interpretación dese dato tan elocuente.

Os sólidos fundamentos da nosa economía concédennos unha vantaxe comparativa en tempos de crise. Pero esa constatación non nos levou a cruzarnos de brazos. Polo contrario, xa en xaneiro adoptamos as primeiras medidas encamiñadas a amortecer o golpe.

Medidas de dinamización da obra pública para aliviar o impacto da crise no sector da construción.

Medidas de reforzamento do financiamento empresarial para contrarrestar a restrición do crédito e frear a caída da inversión.

E medidas de carácter social para evitar que, á hora de repartir os custos, apanden os de sempre: as familias e os colectivos máis vulnerables.

Unha das primeiras decisións do meu Goberno consistiu en acelerar a licitación de infraestruturas e a construción de vivenda protexida. Os resultados están á vista.



A Administración autonómica leva licitados no que vai de ano preto de 1.100 millóns de euros en obra pública, un 20 por cento máis que no mesmo período do ano pasado.

Cumprimos xa case o 70 por cento do Programa de Dinamización Económica, o compromiso de licitar obra pública por valor de 1.500 millóns de euros neste exercicio.

Esta medida está destinada a compensar a amoderación da construción residencial privada, derivada da picada da burbulla inmobiliaria e do endurecemento das condicións de acceso ao crédito hipotecario.

O segundo eixe de actuación consiste en combater a restrición do crédito cun programa de financiamento empresarial, canalizado a través de subvencións, préstamos, avais directos e operacións de capital-risco.

Neste sentido, o apoio financeiro facilitado polo Igape e Xesgalicia desde comezos de ano sobrepasa xa os 420 millóns de euros, que induciron un investimento superior aos 1.200 millóns de euros.

O terceiro eixe de actuación está relacionado coa protección social e o emprego. Aumentáronse as subvencións para o establecemento por conta propia ata os 16.400 euros por autónomo, e no que vai de ano tramitáronse preto de 6.400 solicitudes.

A isto únense medidas como a intensificación do programa de vivenda en aluguer. Ou o complemento anual de 200 euros ás pensións non contributivas. Ou o desenvolvemento e a aplicación da Lei de Dependencia.

Tamén puxemos en marcha medidas impositivas que recortan a presión fiscal, como a lei de reforma do imposto de sucesións e doazóns, que supón a eliminación da tributación no 90 por cento dos casos.

Por último, e nun lugar preeminente, destaca o Acordo pola Competitividade, que mobilizará case 8.000 millóns de euros ata o ano 2011 e que supón un esforzo de concertación sen precedentes entre o Goberno de Galicia, empresarios e sindicatos. Un compromiso compartido que representa unha verdadeira folla de ruta para a transformación económica de Galicia.

Señoras e señores deputados:

A intensificación da crise esixe da Xunta de Galicia redobrar o esforzo de contención, levantar novos diques que atenúen o seu impacto na nosa terra, atacar o problema nas dúas manifestacións que máis nos ocupan e preocupan: a inversión e o emprego.

Nesa liña quero anunciarlles hoxe un **PROGRAMA DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE APOIO AO EMPREGO E Á ACTIVIDADE ECONÓMICA**. Dotado con 430 millóns de euros, ten como obxectivo incentivar a contratación de 20.000 traballadores no ano que vén.

**No marco dese programa, as empresas galegas recibirán unha subvención de 10.000 euros por cada contrato indefinido que asinen cun traballador que leve máis de doce meses no paro.**

O programa, na súa vertente de fomento do emprego, dotado con máis de 78 millóns de euros, márcase catro obxectivos fundamentais:

- Potenciar os incentivos á contratación, atendendo á creación de emprego de calidade e o tamaño da empresa, especialmente en empresas con menos de dez traballadores.
- Dar resposta ás necesidades dos demandantes de emprego, agudizadas pola conxuntura actual do mercado e traballo, favorecendo a súa rápida adaptación aos cambios.
- Facilitar a mobilidade profesional desde os sectores máis castigados pola crise – construción e afíns, principalmente– a outros con necesidade de traballadores, ademais de potenciar aqueles sectores emerxentes que ofrecen demanda de traballo.
- Potenciar a competitividade dos nosos sectores estratéxicos e a innovación, especialmente nas pemes e no emprego autónomo.

O plan comprende dez actuacións específicas que abranguen o conxunto de situacións xurídicas no noso mercado laboral ao abeiro da crise económica.

Algunhas desas medidas, ademais da citada, son as seguintes:

- Subvencionaranse os custos laborais daquelas empresas que ofrezan **unha oportunidade de emprego de 6 meses de duración a parados de longa duración** con máis dificultades de reinserción no mercado de traballo.
- **Os incentivos ás microempresas con menos de dez traballadores, as máis vulnerables en tempo de crise, poden alcanzar o 60 por cento do custo salarial de dous anos.**
- A través de procesos formativos rápidos, facilitarase o **trasvase de traballadores desde os sectores con maior incremento do paro a sectores emerxentes ou con maior demanda de emprego**, como as enerxías alternativas, rehabilitación de inmobles, manexo de maquinaria pesada e agricultura ecolóxica.
- Ponse en marcha **unha iniciativa para fomentar o emprego feminino**, con especial incidencia en tres áreas: a economía social, a reincorporación das mulleres a actividades emerxentes de sectores maduros como o téxtil e a conserva, e a integración en ocupacións actualmente masculinizadas.
- Acométese unha actuación específica para **recolocar os traballadores que perderon o emprego no sector da extracción de minerais e pedra non metálica, como consecuencia da caída de actividade na construción**. A través dese programa financiaranse os custos laborais que se deriven da súa incorporación aos novos filóns de emprego.

Paralelamente, implántanse programas de orientación e análise de proxectos de autoemprego, refórzase a formación continua cunha maior vinculación ás necesidades dos sectores estratéxicos, créase a figura do axente dinamizador de innovación para as microempresas e poténciase o Servizo Público de Emprego de Galicia.

O programa de medidas extraordinarias de apoio ao emprego e á actividade económica inclúe, así mesmo, dúas potentes actuacións na esfera financeira, que teñen por obxectivo facilitar o acceso ao crédito e dinamizar o investimento privado.

A primeira delas, dotada con 150 millóns de euros, ten por finalidade **aliviar a carga da débeda que dificulta a actividade das pequenas e medianas empresas**. Froito dun convenio asinado coas entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, que axiña será publicado no Diario Oficial de Galicia, permitirá ás pemes acceder a préstamos subsidiados e avalados para reforzar o circulante, refinanciar o seu pasivo ou ampliar capital.

Busca acomodar a carga da débeda que lastra o funcionamento das pemes ás previsións de ingresos, evitando deste xeito tensións de tesourería.

A segunda consiste nunha **liña de préstamos para inversión**, financiada con 200 millóns de euros procedentes do Banco Europeo de Inversión. Poderán acollerse a esa vía as pemes galegas que presenten proxectos de inversión de 240.000 a 25 millóns de euros.

Eses préstamos poden cubrir ata o 50 por cento do investimento previsto, o seu tipo de xuro será o euríbor máis medio punto e a Xunta de Galicia poderá subvencionar 2 ou 3 puntos de interese.

Señorías, hoxe por hoxe, sumando estas medidas extraordinarias, o **importe total das axudas financeiras que a Xunta de Galicia pon a disposición das empresas alcanza os 1.572 millóns de euros**.

Esa cifra máis que duplica a contía do programa aprobado en xaneiro, que ascendía a 712 millóns de euros.

Nela inclúese tamén unha ampliación da contía dos avais: dos 330 millóns actuais pasarase a 500 millóns de euros.

Medidas laborais e medidas financeiras, en suma, para incrementar as nosas defensas e para preservar ese histórico volume de emprego que, entre todos, conquistamos.

Medidas todas elas que terán a súa plasmación no proxecto de Orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, que o Goberno se propón remitir a esta cámara no prazo legalmente establecido.

Podo anticiparlles que ese Presuposto, o último da lexislatura, establecerá unha nítida xerarquía de prioridades, presidida polo **rigor e a austeridade no gasto, o impulso do investimento produtivo e o reforzamento da política social**.

Será un Presuposto para dinamizar a economía produtiva, a través da aceleración dos ambiciosos plans de obra pública en marcha e do estímulo ao investimento e modernización do tecido empresarial. Un Presuposto con vocación de reanimar a actividade económica e superar a atonía, especialmente naqueles sectores estratéxicos ou que máis sofren esta difícil conxuntura.

Pero será tamén un Presuposto para seguirmos edificando a Galicia social. Para acentuar as políticas sociais que conforman unha rede de seguridade para as familias con menos recursos e os colectivos máis vulnerables. Por esa razón, podo asegurarlles que non haberá recortes sociais nin imos sacrificar o investimento en servizos públicos como a educación, a sanidade ou os servizos sociais.

Señoras e señores deputados,

O balance que acabo de presentarlles presenta un saldo claramente positivo. Os datos son testáns e incontestables:



Galicia é un país mellor, máis próspero, máis forte e máis habitable que o de hai tres anos.

As galegas e os galegos demostramos que queremos e podemos ser motores e titores do noso propio progreso.

Recuperamos vitalidade como sociedade.

Gañamos peso e presenza dentro de España.

Incorporámonos á modernidade.

Galicia avanza, segura das súas forzas, e afronta sen complexos as dificultades. O Goberno, o máis estable da nosa historia democrática, traballa na culminación do programa que mereceu a confianza da cidadanía. E o presidente cumpre e responde dos compromisos adquiridos.

Hai liderado, hai estabilidade e hai confianza. Velaí os vértices do triángulo que nos permite encarar con optimismo, pero tamén con realismo, o inmediato futuro.

Pero eu non quixen limitar esta comparecencia a relatar o avance rexistrado en tres anos.

Por iso lles falei tamén do presente e das súas dificultades. Do que fixemos e do que estamos a facer para reducir en Galicia os custos dunha crise que se expandiu por todo o mundo. No remate desta intervención, tamén quero falar do futuro e das súas oportunidades.

É certo que os froitos que acabo de glosar foron recollidos en tempos de bonanza económica. Nese mar en calma, fomos quen de remar con máis forza e avanzar máis á presa que as economías do noso entorno.

E agora, con marusía económica, demostraremos a mesma coraxe que os nosos homes do mar para superar as severas dificultades que afrontamos. Soubemos estar ás maduras e saberemos estar ás duras.

Sei perfectamente que o avance rexistrado neste trienio non supón un consolo para o traballador que perdeu o emprego, a familia que soporta unha hipoteca máis cara ou a ama de casa que sofre o encarecemento da cesta da compra.

A eles, e á comunidade que integramos todos os galegos e galegas, quero pedirilles confianza no país, confianza no futuro e confianza no presidente que lles fala.

Non apelo a unha confianza acrítica, cega e resignada. Non lles pido ningún cheque en branco, senón a cambio dun firme compromiso.

O compromiso de dedicar todo meu tempo e as miñas enerxías, de mobilizar todos os resortes á nosa disposición, para afrontar as dificultades con determinación, restablecer as elevadas cotas de crecemento sen hipotecar o patrimonio, estender a protección social e incluír a todos os galegos e galegas no reparto de cargas e beneficios.

O meu compromiso de convocar á sociedade galega para remar todos na mesma dirección.

Aos axentes sociais que xa deron cumprida proba do seu compromiso solidario.

Á sociedade civil que conforma a musculatura do país.



**Partido dos Socialistas de Galicia**  
**Comisión Executiva Nacional Galega**  
**Oficina de Prensa**  
Rúa do Pino, 1-9 baixos  
15704 Santiago de Compostela  
Tfno. 981552030 Fax: 981588708

Aos homes e mulleres desta terra que sempre souberon vencer o desánimo e o pesimismo.

Aos que pensan coma nós e aos que non pensan como nós.

O meu compromiso de transformar os problemas en novas oportunidades. O meu compromiso de antepoñer Galicia a calquera outra consideración. Apelo, en suma, á confianza en Galicia. Á confianza no país e nas súas xentes. Moitas grazas.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA